



E logo...que facemos nos clubs de  
lectura?

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES 2021.



# Nico presenta:

*E logo... que facemos nos clubs de lectura?: Nico (2º ESO)*



**Finalidade do club de lectura: Obxectivos en canto á lectura, en canto á ética e transmisión de valores, en canto á formación cidadá (igualdade), en canto á formación cultural, en canto á socialización e á convivencia.**



Salón do Libro

"Tamén é moi cómodo aceptar o que ves, e o que che din en todas partes sen reflexionar (...) Pero a arte tamén existe para iso, para cuestionalo todo, para poñer do revés as palabras no noso cerebro, para que as nosas ideas (...) acaben patas arriba e poidamos aprender a pensar. E a literatura é arte. Que importante é aprender a pensar."

(Douche a miña palabra. Fran Alonso-Bea Gregores)



# O grupo lector: Compromisos e autorización da imaxe. Legalidade.

Folleto clubs "Os trasnos dos libros"

## Que é o clube de lectura?

O clube de lectura é un espazo onde compartiremos lecturas, falaremos sobre elas e realizaremos actividades arredor dos libros e as historias propostas.

O clube de lectura é de carácter voluntario, de modo que o único que fai falla é que teñas ganas de ler, compartir e pasalo ben.

## Cando nos reuniremos?

Reunirémonos cada 15 días no recreo dos mércores na Biblioteca.



## E para os papás e mamás...

Poderedes seguir as actividades do clube no blog [ostrasnosdoslibros.blogspot.com](http://ostrasnosdoslibros.blogspot.com).

Pedimos tamén que nos axudeades a responsabilizar aos rapaces e rapazas do coidado dos libros e da devolución dentro dos prazos establecidos.



## Lecturas coma pulgas



**Clube de lectura  
1º ESO**

**IES de Poio  
2015 / 2016**



## A quen vai dirixido este clube?

Poderán participar todos os alumnos e alumnas de 1º da ESO que teñan ganas de ler e compartir as lecturas.

## Que teño que facer?

Para participar só tes que apuntarte na lista que a profesora responsable deste clube deixará na túa aula e recollerá antes do 5 de outubro.



## Que leremos?

Leremos contos curtos, pequenas novelas, poesía e álbumes ilustrados en galego ou castelán. Serán sempre textos pequenos coma pulgas.



## A que me comprometo?

- A ler os libros propostos.
- A asistir ás sesións (os mércores no recreo cada 15 días) e actividades do clube e participar activamente nas propostas.
- A comentar as obras lidas no blog dos clubes do IES de Poio.
- A devolver os libros en perfecto estado no prazo asignado.

## E se queres botar unha ollada...

Podes entrar no blog dos clubes de lectura do noso IES e ver as actividades de outros anos:

[ostrasnosdoslibros.blogspot.com](http://ostrasnosdoslibros.blogspot.com)



## COMPROMISO CO CLUB DE LECTURA

### "NUBE DE PALABRAS"



Ao participar no Club de lectura comprométome a:

- A ler os libros nas datas sinaladas e a participar activamente nas postas en común e nos encontros cos autores e con participantes en outros clubs de lectura.
- A coidar os libros e devolvélos no prazo asignado.
- A facerme seguidor, seguidora do blog do club de lectura: e a publicar no blog comentarios sobre as lecturas.
- Ter o permiso de meus pais para a utilización da miña imaxe en internet (blogs e redes sociais) con fins didácticos.
- A participar nas actividades organizadas pola biblioteca e os clubs de lectura.

Ao participar teño dereito preferente a asistir aos encontros co autor, encontros con outros clubs de lectura escolares e ás actividades complementarias que se organicen (teatro, cine, visitas...).

Asinado: .....

### NUBE DE PALABRAS



Clubs de lectura do IES Sánchez Cantón

*Selección de lecturas: O perfil lector, as escollas e os obxectivos. As temáticas.*

Xogamos e seleccionamos...



# En tempos COVID: clubs presenciais e clubs virtuais

## Organizando o club de lectura



"Nube de palabras"

En tempos COVID temos que reorganizar o noso club e tomar novas medidas, sempre pensando na seguridade... e nas lecturas.

### A finalidade:

- Desfrute da lectura.
- Formar lectores críticos.
- Apoyo inclusivo ao alumnado.
- Socialización.
- Apoyo emocional.



### Os apoios virtuais

Creación de cursos nos espazos EDIXGAL ou na AULA VIRTUAL: Proporciona material complementario e aclaracións á lectura, suixerencias, vídeos dos autores ou sobre as lecturas, audios, xogos, música, etc




### As actividades:

A proposta de encontros virtuais co autor ou mesmo a visita dos mesmos á aula, a participación nas actividades (virtuais ou presenciais de ser posible) do Salón do Libro, ou mesmo o encontro con editores e libreros.



### A seguridade:

- Miniclubs de lectura ( 7 membros+1 mediador).
- Espazos abertos( patio cuberto).
- Respectamos o distanciamiento.



### Os encontros lectores virtuais:

Os encontros presenciais do grupo lector poden transformarse en virtuais a través de CiscoWebex e mesmo se contempla o encontro con autores virtualmente.

### As propostas lectoras:

Débense adecuar aos tempos, ser atractivas, que conviden á reflexión e ao diálogo. Considerar escoller títulos que teñan formato papel e electrónico.



### Os medios de difusión:

O curso da aula virtual do grupo lector, o blog "Nube de Palabras" dos Clubs do Sánchez e a súa páxina en Facebook.



<http://nubedepalabrac.blogspot.com/>



## MINICLUBS DE LECTURA DE 1º DE ESO



Editic

- Este é o recanto para os clubs de lectura de 1º de ESO que servirá de apoio ás nosas reunións presenciais que se celebrarán os martes no patio cuberto ( ben abrigadiños pois), unha sesión cada tres semanas.
- Tamén nos veremos no noso blog, Nube de palabras, que atoparedes no seguinte enlace e do cal podes facervos seguidores: <http://nubedepalabrac.blogspot.com/>.

### NUBE DE PALABRAS



# Preparamos as lecturas e as postas en comun;

## CONSELLOS PARA MELLORAR AS INTERVENCIÓNNS NO CLUB DE LECTURA.

(Adaptación de: Lluch e Zayas. Leer en el centro escolar. Octaedro. 2016. Pp126-128)



Club de lectura Nube de palabras do IES Sánchez Cantón.

- **Coidar a cantidad da información:**

Durante a intervención non debo achegar máis información sobre a lectura que a necesariamente non adiantar ao grupo datos sobre trama.

- **Coidar a calidad da intervención:**

Non plantexar como certezas datos dos que dubido e de facelo debo aportar probas para fundamentalo; non plaxiar as ideas dos outros e de citalas indicar a fonte.

- **Coidar a relevancia do contido da intervención:**

Centrar a miña aportación nas cuestións que teñen que ver coa lectura ou co tema do que se fala.

- **Coidar a forma da intervención:**

Ser claro breve e ordeado, evitar a ambigüidade e o caos.



*Para iniciar a miña participación:*

- Leo un fragmento do libro que lle poida gustar aos compañeiros.
- Ligo a miña lectura coa intervención doutro compañeiro.
- Resumo e aporto a maior información sobre o libro
- Falo brevemente da trama, do seu tema e ideas principais
- Remato cun recurso retórico que servira para facilitar a intervención do resto dos participantes e anime a discusión ou debate.

*Que quero decir?*

- Por que participo e que se espera de mim?.
- A quen me dirixo?
- Que quero decir?
- Que datos, que argumentos, Que linguaxe, que recursos corporais uso?

*A linguaxe:*

- Frases curtas, evitar explicacións demasiado longas.
- Oracións coa orde suxeito-verbo-complementos serán más claras.
- Usa a negación só para negar.
- Usa palabras de uso habitual.
- Usa palabras e expresións de significado preciso, concreto.
- Usa exemplos concretos do libro.

## Lecturas 1º trimestre

As recomendaciones lectoras, programando lecturas:

Lecturas programadas para o primeiro trimestre:



# Animación á lectura: Encontros co/coa autor/-a, os paseos literarios, roteiros, irmandamentos lectores...

Club de Lectura  
“Nube de Palabras”

IES Sánchez Cantón



## Paseo literario



Mercedes Corbillón  
( 26 /II / 2018 )  
Librería Cronopios

Todo París é de Rañolas

XXII

Rañolas fai render os cartos para ter tempo de cachear París, apañándose no aire; (...)

Alzou a néboa que pingaba no lombo dos grandes pazos —monstros de ferruxo—. Pasaron os días borralentos, medraron as horas, e os probes que ainda viven morreasao sol nos peiráns da “Cité”. Rañolas ollou agrumar os albres no xardín de “Notre-Dame”, saudoso da primaveira dos campos. (...)

Rañolas métese carranchudo, polo “Quartier Latin” e ve pasar un reximento levado por tamboreste trompetas (...)

Pola ponte “Saint Michel” entran os vendedores de periódicos, a correr e berrar. (...)



RAÑOLAS LÉMBRASE DE QUE TEN UNHA PATRIA

XXIII

O ceo de París pingou moita auga para que Rañolas acougase; pero agora ten un posto de periódicos nas reixas do Museu Cluny e ninguén lle tuse. Vive nun apartamento con balcón...

Os dous de sempre. Castelao.



# Roteiro literario “Memoria do silencio”



**ROTEIRO LITERARIO:  
MEMORIA DO SILENCIO**

de  
**EVA MEJUTO.**  
RIVADABIA, 31/1/19





**PROGRAMA:**

- 9,20. Saída hacia Ribadavia.
- Chegada a Ribadavia, Estación do tren: Contexto histórico e estación do tren. Intervención da autora. Lectura.
- Porta da muralha: O Nazismo. A presenza nazi en Galicia.
- O Castelo: A vila de Ribadavia ( A Igrexa, o castelo, o teatro). Intervención da autora. Lectura.
- Praza Maior. A persecución e fuxida dos xudeus. Intervención da autora: Casa das Touza, as irmás Touza.
- Merenda.
- A xudería: Ribadavia vila xudía ( a sinagoga, os símbolos). O museu xudeu. A gastronomía (os doces xudeus).O papuxa. Lectura.
- Xantar no parque de A Veronza.
- 15,15. Saída á estación do tren de Filgueira. Intervención da autora. A ruta das ratas.
- 16. Ponte Barxas. A fronteira. Intervención da autora.

Irei a Ribadavia  
cos merlos do mencer.  
Chegarei todo ledo  
unha mañá de mel.  
"Por beber, comadre ,  
por beber"  
...  
Mirarei o castelo,  
falarei con Rubén.  
Os ríos alá embaxo  
pasando con lecer.  
"Por beber, comadre ,  
por beber"  
Cantiga de Ribadavia. Celso Emilio Ferreiro.

Se vas ao Ribeiro  
ao Ribeiro de Avia  
se vas ao Ribeiro,  
vai por Ribadavia,  
e de Ribadavia  
vai por Ventosela  
que teño unha moza  
que dá xenio vela.  
Cantar popular.

Anque me des viño do Ribeiro d'Avia,  
tódolos almibres e tódalas viandas,  
dasque os reises comen e no mundo haxa,  
ña madre querida, non sei que me falta.  
Follas Novas. Rosalla de Castro.

"Lola, Amparo e Xulia, as irmás Touza"




LIBERDADE e VALENTIA EN FEMININO  
Unha historia de respeito, tolerancia e amor a vida

# Avaliándonos:


Acadaches os obxectivos que esperabas ao comezo?

41 respostas




Cales pensas que foron as vantaxes que obtiveches ao participar no club:

41 respostas



*Memoria gráfica 20/21*

Os clubs 20/21



grazas pola rosa amable  
atención



Anxos vista por Bea Gregores